

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº28/ Ano: 2021 / 2º xornal Mes de abril/ Estado de vacunación

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



CENTRO DE VISITANTES (VII)

(Suxestións II)

Presento aquí unha primeira suxestión onde os responsables de Parques e os magníficos profesionais que teñen de Guías, tanto oficiais como acreditados que traballaron en Ons, poden aportar ideas, en particular ou en equipo, para mellorar este Centro. Páx. 1



ONS NA MEMORIA

Desta traemos unha foto relativamente recente, onde dous grandes amigos illáns foron a divertirse á Feira Franca pontevedresa no ano 2006, ataviados con vestimenta da época.

-Foto de portada dos anos 80. Páx. 2



CONTOS DE TABERNA

Nesta pasada Semana Santa, novo intento do FRELIÓNS de derrocar a República Independente da Illa de Ons. Grazas á rápida intervención de Varu Camaway, todo quedou nun susto e puido controlarse. Páx. 2

SEMANA SANTA 2021

O covid non nos deu tregua dende setembro, polo que, este outono-inverno non fomos quen de achegarnos á Illa. A Semana Santa estivo a piques tamén de amolarnos, pero deunos un respiro e puidemos pasar uns días de descanso e desconexión en Ons.

Pensabamos que non íamos a topar cambios significativos, precisamente pola pandemia, pero si había, e uns cantos, de xeito moi escueto, traémolos aquí para mostrárvolos. Comentalos en profundidade farao PineirÓns no Informe anual que envía a Parques e á Consellería de Medio Ambiente. Tamén mostraremos a tres entrañables familias illáns. Páx 3

Especial "XACEMENTO ROMANO DE CANEXOL"

O mércores 31 de marzo paseabamos pola Illa en perfecta soidade. Aproveitabamos para visualizar a beleza que ofrece a primavera illán e á vez sacar fotos.

Algunhas desas fotos enviámolas á dirección do Parque cun mínimo comentario, non por amolar, como sempre pensan, senón co fin de dar a nosa opinión positiva.

Alegrounos que nos contestaran e chamounos a atención que a mensaxe final fose: "... tan pronto como termine S. Santa temos traballos arqueolóxicos en Ons". Sorprendeunos e, un pouco escépticos, esperamos acontecementos. A alegría foi notable cando confirmouse que, especialistas, ían a comezar unha cata arqueolóxica no xacemento romano de Canexol. Páxs. 4 á 10



CENTRO DE VISITANTES (VII)

(Suxestións II)

Como xa comentaba, a necesidade dun Museo ou Centro Interpretativo na Illa de Ons era necesario. No 2011 veu a luz este Centro por iniciativa do Parque e contando cunha Axuda do FEDER.

O primeiro paso xa estaba dado. A súa montaxe interior foi realizada por unha empresa especializada, aínda que pouco coñecedora da realidade illán, polo que tivo que pedir consello ao propio Parque para desenvolver o seu cometido.

Nun principio a posta en funcionamento, a distribución das salas, os materiais,..., coido que foron adecuados (haberá quen lle poida poñer moitas pegas, pero o importante era dar o paso), ademais, era un espazo pensado para durar no tempo, polo que habería ocasión en anos sucesivos de facer os cambios ou melloras que os técnicos consideraran convenientes para unha mellor adaptación ao seu obxectivo.

Pasaron xa 10 anos e, como xa comentei, a evolución, para o meu entender, foi a menos e os cambios realizados prexudicaron máis que axudaron. Coido que é o intre de mellorar. Dez anos deron aos responsables do Parque e aos seus Guías especializados, tempo dabondo para comprobar e argumentar as necesidades que ten este espazo para cumprir mellor o seu cometido. Coñezo á maioría dos profesionais que nel e sobre el traballan e traballaron. Non dubido en que teñen ideas, proxectos, propostas,..., para facer deste Centro un lugar atractivo, ameno, atrafante,..., pero sobre todo ilustrativo, instrutivo, lúdico, didáctico e, a poder ser, museístico nalgúns campos importantes.

Tendo en conta dúas premisas, darei a miña primeira e modesta suxestión. A primeira premisa, é de supoñer, tal e como están as cousas, que este ano, de novo, a parte interior do Centro non se utilice nin ao 50%, aínda que, quizais si, a parte exterior para actividades. E a segunda sei que os Guías, tanto oficiais como acreditados que traballaron e traballan no Parque, son unhas persoas cualificadas e que coñecen perfectamente o Centro e as características da Illa en xeral, por iso a miña

SUXESTIÓN É: *Que, dende a Dirección do Parque, se programe con estes especialistas, un Proxecto de Ideas e Innovacións para unha mellor adaptación das salas e exteriores do Centro á realidade socio-histórico-etnográfico-natural uniuense e, á vez, presentar propostas e plans de actividades para o verán. Logo, en posteriores reunións, tratar as propostas de cada un, en particular ou por equipo, presentalas, argumentalas, debatelas, examinar pros e contras,... Quizais ver a necesidade de consultar con algún experto nalgún campo en concreto,... Buscar financiamento. E intentar levalas a cabo. Non estaría de máis, cando se teña un anteprojecto definido, presentalo ao público que consideren interesado no tema, para que expoñan as súas ideas.*

Sabemos que as cousas de palacio van amodo, pero é unha suxestión que non debería quedar en saco roto por parte de Parques.



A VOLTAS DE NOVO CO <ARI> TERCEIRA CONVOCATORIA

Que pasa co ARI en Ons? Pregunta de difícil resposta. Dende logo hai moito que rehabilitar, en especial, edificacións anexas e parece que aí está o problema ou polo menos iso sacamos do publicado no Faro de Vigo de 24/03/2021. Na noticia dinnos que o ARI naufraga en Ons, e na mesma noticia, o alcalde de Bueu e os veciños afirman, ante a terceira convocatoria: "...hai demasiada burocracia, pouco tempo e as liñas de axudas non se axustan ás necesidades veciñais". Tamén din que: "As bases do ARI prevén actuacións relacionadas co mantemento de vivendas, accesibilidade e eficiencia enerxética,..., pero é que en realidade non permiten a rehabilitación. Dinche que sobre unha casa en ruínas non che dan unha concesión administrativa e sen a concesión, tampouco che dan axudas no marco do ARI para a rehabilitación".

Moitas problemáticas, o que si podo afirmar é que un cargo da administración dixo a Pineiróns que antes desta 3ª convocatoria ía a facer o posible para convocar aos veciños e, a carón de explicarlles os trámites, poñerían un técnico á súa disposición. Como sempre, as palabras lévaas o vento, e tal cousa non se fixo. O fracaso da Consellería neste trámite só se resolverá cunha Reunión dun técnico de M. Ambiente, o alcalde de Bueu e os veciños, onde lles expliquen ben as cousas, poñan un administrativo para axudar aos trámites,..., e haxa **diálogo** con veciños antes de sacar algo adiante. Sen iso, o **FRACASO**, está asegurado.



ONS NA MEMORIA

Evidentemente esta foto non se fixo na Illa, pero nela saen dos illáns. Un de nacemento, o incombustible Cesáreo e outro de adopción, o gran Maqui.

Aquí os vemos, nada máis e nada menos, que na Feira Franca de Pontevedra no ano 2006.

Dende logo aínda hai que non cre que Cesáreo, o Rei dos mares de Ons, fose quen de vestirse para a ocasión e participar moi activamente na Feira Medieval pontevedresa. Pois si, non é ningunha montaxe, non dubidou en acudir ao mellor xastre da época para que lle fixeran un traxe a medida para a ocasión, e aí o tendes. Quen da Illa coa súa idade atreveríase a esquecerse da dorna, os pintos, sargos, robalos,..., e ir á Feira Franca a divertirse?

Dende logo, Cesáreo, es todo un **CAMPIÓN**.

CONTOS E HISTORIAS DE TABERNA

O FRELIONS, VOLVE Á CARGA

Aquel día Pepe da Illa estaba pletórico. Non sei se sería polo *magnun* que estaba sobre a mesa da partida ou porque chegaran novas dalgún intento de alzamento contra a República pois, mentres esperaban polas martelas que estaban a fritir, déuselle por contar a historia da proclamación da República Independente de Ons e dun novo intento do Frelions por derrocala. Explicou:

"... Daquela decatáramonos polo OAP (Ons Agency Press <Agora ONSTOPUS>) de que fora declarada a República na Illa. Houbo moita confusión e grandes loitas, porque o FRELIONS (Fronte de Liberación de Ons) non estaba de acordo cos comicios celebrados e instigaban constantemente ao goberno republicano legalmente constituído na Illa.

Houbo moitas manifestacións e grandes contendas, e ata chegaron a impedir que o ferri <Villa de Meira>, abastecedor de mercadorías, puidese chegar e atracar no peirao da Illa. Case conseguen derrocar ao recente nomeado goberno republicano, pero este, coa apoio naquel intre da flota de novos barcos illáns como o "Chapuxa", "Comaeu", "Escualo", "Non me Vedes",..., lograron derrotar as pequenas dornas de guerra que o grupo insurxente logrou reunir para organizar a revolta.

Véndose derrotados, fuxiron e refuxiáronse na veciña Illa de Onza e alí viven á espera de que algún día poidan restablecer a monarquía.

Dende aquela, cando ven que as cousas andan revoltas pola Illa, intentan organizar algunha escaramuza para ir minando a moral dos republicanos e, veñen de comentarme, que estes días de Semana Santa e aproveitando a falla de vixilancia por causa do Covid, intentaron chegar, sen máscara, á praia de Fedorentos para iniciar algunha falcatruada.

Menos mal que o exército republicano ten alí destinado ao Comacalbalgante Waru, que dende a súa Cuevuni, albiscou aos Frelions e non dubidou, a lombos de Careta e ao berro de CAMAWEY!!!, achegarse ao galope ata Curro e informar aos seus superiores do intento de desembarco do Frelions.

Todo quedou en nada, dándose conta de que foran descubertos, emprenderon rápida fuxida cara á súa base da Illa de Onza."

Axiña chegaron as martelas fritidas e fíxose o silencio.



Foto arriba: Uniforme do exercito republicano.

Foto abaixo: Varu Camawey, a lombos de Careta, galopa cara a Curro para avisar aos seus superiores.



CATEDRAL GASTRONÓMICA

Nesta entrega non temos espazo para a sección de gastronomía da "Catedral Gastronómica de Ons" coa súa correspondente receita, pois o importante acontecemento que xurdiu na Illa ao día seguinte de rematadas as vacacións de Semana Santa (*Prospección Arqueolóxica do Xacemento Romano de Canexol*) require toda a nosa atención e imos dedicarlle un pequeno Especial neste número de Onstopus.

Si vos deixamos as magníficas robalizas ao forno que papeamos en Ons nesta Semana Santa.

Semana Santa 2021

Co permiso do Covid, algún/has xa vacinados/as e acompañados do bo tempo, visitamos a Illa de Ons á que, dende o mes de setembro, non puideramos achegarnos. Alí, a carón da de Cesáreo, puídemos gozar de dúas entrañables familias illáns. Unha que pasou alí toda a pandemia (Pepe de Miro) e outra que, co patriarca aínda convalescente, achegouse para respirar os aires illáns que todo o curan e purifican (Avelino). Aquí un cariñoso recordo fotográfico para eles.



COMO ATOPAMOS A ILLA ESTA SEMANA SANTA 2021



Ons recíbenos cun novo rótulo que nos indica que estamos nunha Illa integrante do único Parque Nacional de Galicia. Atopámolo ao final do peirao, a carón da Praia das Dornas e fronte á caseta de información de Parques.



Boa reparación da baixada que, dende o camiño do Faro, vai cara a Curro. Atallo moi empregado por veciños e visitantes que se atopaba nun estado deplorable.

Estado en que atopamos, no barrio de Pereiró, a zona habilitada para o Campamento da Xunta. Hai xa anos que un administrador fixo unha importante plantación arbórea para, entre outras cousas, dar sombra a tendas e lugar de ocio dos rapaces. Coidamos que esas árbores non eran especies prexudiciais para o medio e, sen embargo, cumprían un gran labor. Non sabemos quen ordenou a tala e semellante poda, o que si, que este verán os rapaces pasarán máis calor.



Este pasado verán 2020 tivemos a boa nova de poder contar, despois de moitísimos anos reivindicándoo, cun Servizo de Primeiros Auxilios de xeito Permanente que, esperamos, continúe en anos sucesivos, Gran sorpresa e dende logo unha boa iniciativa de Parques, foi o poder contar, por primeira vez en Ons, con P. Auxilios durante a Semana Santa, cousa que é de agradecer. Esperemos tamén que non quede nunha anécdota puntual e poidamos tela nas vindeiras S. Santas.



Chamounos a atención que, dende hai anos, estase a levar unha pincha de árbores na Illa, sobre todo, acacias e eucaliptos. O ano pasado levouse unha pincha importante no eucaliptal de Melide, con fin de erradicar esta especie, sen embargo, podemos comprobar que están a nacer moitos na zona, e non se toman medidas.



Outra boa iniciativa do Parque, foi o abrir ao público o Centro de Visitantes, cousa que non era habitual na Semana Santa.

Tamén realizáronse visitas guiadas e actividades para todas as idades.

Comprobamos dende o verán que algo está cambiando neste Centro.

Foto: Parque Nacional Illas Atlánticas.



Especial XACEMENTO ROMANO DE CANEXOL

REDACCIÓN

Penso que era obrigatorio que fixera un **Especial** dedicado a este acontecemento, que considero de grandísima importancia, despois de que a pasada semana (do 5 ao 9 de abril) se desenvolvera na Illa de Ons unha importante intervención arqueolóxica no xacemento romano de Canexol, non só polo que traerá de resultados positivos para a Historia de Ons, senón tamén pola loita que un servidor e a Asociación Cultural “PineirÓns” levamos a prol de que se realizaran estudos, investigacións, prospeccións arqueolóxicas,..., en todos os aspectos e características desta Illa que, ata hai moi poucos anos, era a grande esquecida no campo da investigación, tendo unhas peculiaridades socio-histórico-etnográfico-naturais únicas e totalmente virxes en investigacións científicas feitas por persoal cualificado e coa gravidade de que nalgúns dos campos (etnográfico) están en perigo total de desaparición polo cambio social dos aunienses e a falla de estudos.

Por un pouco de preocupación que se tivera ao poñer pé na Illa a mediados dos anos 70 s.XX, un dábase conta de que estaba nun lugar especial e cunha comunidade humana única. É por iso que cando xermola o interese por esa rebanda de terra ancorada no mar e comezas a pescudar, buscar datos, bibliografía, intentas preguntar a persoas competentes en distintos campos sobre ela,..., e só atopas un par de traballos (dende logo moi interesantes) e ren máis, é cando te dá conta que algo falla e falta. Esa inquietude comeza a crearche unha especie de fascinación e de ganas de facer algo, e vai ser así como o dar a coñecer as importantes peculiaridades de Ons convértese nun reto, que ten coma único obxectivo que os estudosos, investigadores, científicos, intelectuais,..., e a Universidade galega, miren nesta Illa un punto virxe de traballo, pois quizais fose o lugar menos coñecido de Galicia por aquelas datas e, o intentar estimular e animar a estes posibles investigadores, vaise a converter nunha teima que dura xa 46 anos.

O tema Etnográfico foi coma unha obsesión, pois comprobabas como se ía perdendo cada ano a medida que os aunienses eran abocados a unha emigración forzosa. A partires dos 80 s.XX, a Cultura Popular de Ons pérdese dun xeito agonizante e hoxe, como xa teño dito, aunienses que che falen de temáticas etnográficas, cóntanse cos dedos dunha soa man, e sobrarían dedos.

O tema Histórico-Arqueolóxico é distinto, pero á vez igualmente esquecido ata hai moi pouco. Non nos faltaron folgos para ir recompilando datos e, a medida que aparecían, non dubidabamos en presentalos. Conseguimos que se falaran deles a través da revista AUNIOS, publicándoos na prensa para dalos a coñecer, poñéndoos nas mans dos historiadores,..., e así, paseniñamente, íase conseguindo algún froito. Pero o camiño era complicado e facíase moi lento, en especial, pola falla de compromiso por parte dos organismos que administraron e xestionaron a Illa.

Coido que este primeiro traballo arqueolóxico realizado pola Universidade de Vigo coa colaboración do Parque, ten que converterse nun antes que traerá un despois aos Xestores do Parque Nacional, para que vexan en Ons, e quizais nas demais illas que compoñen o Parque, que os campos histórico-etnográficos son, como mínimo, tan importantes como os biolóxicos e medio ambientais e poñan así os medios necesarios para que nos presupostos anuais da Consellería e do Parque Nacional haxa unha partida económica e humana para desenvolvelos.

NOTA: Espero que os lectores non vexan nestas letras fachenda pola miña parte nin polos membros de PineirÓns. Non pretendemos nin queremos colgarnos medallas, só loitamos e non desfaleceremos aínda que non nos fagan caso, en conseguir o noso principal obxectivo: *Dar a coñecer todas as importantes características da Illa de Ons, para que por persoas cualificadas e de xeito científico, sexan investigadas, respectadas, valoradas,..., e dadas a coñecer, para que non se perdan e, con iso, protexelas.*

A Illa de Ons, máis AUNIOS que nunca.

Seguindo a Wikipedia, dinos que Cayo Plinio Secundo, coñecido como *Plinio el Viejo*, foi un escritor e militar romano do século I. Pertenceu á orde ecuestre e exerceu cargos administrativos e financeiros na Galia e na Hispania. Fixo estudos e investigacións naturais, etnográficos e xeográficos que foron recompilados na súa maxistral obra *Historia Natural*, sendo esta modelo enciclopédico de moitos coñecementos ata o século XVII.

Fernando Cabeza Quiles no seu artigo “A toponimia da Illa de Ons”. Revista Aunios nº 11, páx. 12, dinos: “...o topónimo *Ons*, xa aparece no s.I d.C. na *Historia Natural* do naturalista Plinio, coa forma antiga ‘*Aunios*’, <ex insulis nimirandae Corticata e Aunios (IV,111)>... Pensamos que esta forma documentada pode estar nomeando un antigo nome persoal Aunios ou similar referido ao apelativo dun antigo posesor, administrador ou terratenente romano da Illa.” (comentario interesante).

Un, dentro da súa inxenuidade, pensou que Plinio sería un historiador romano que acompañando ás lexións nas súas conquistas e chegadas estas ás coñecidas hoxe como Rías Baixas, poría nomes aos lugares conquistados incluídas as illas adxacentes e de aí o nome de Aunios. Pero agora, despois de que con toda seguridade se confirma a presenza romana en Ons, podemos asegurar que esta Illa, que resgarda á ría de Pontevedra, é a Aunios de Plinio e que tivo unha importancia comercial significativa co tema da salga.





AUNIENSES

Cando nos referimos aos veciños de Ons, utilizamos as palabras illáns, illeiros, insulares e ultimamente veciñanza. Pero estas palabras non diferencian aos veciños de Ons dos doutras illas, por iso xurdiu a pregunta de como chamariamos aos habitantes de Ons. Á cabeza viñéronme verbas como estas: onseño/a, onsista, ousense, onsán/á,...

Ante a dúbida e, sobre todo, o medo a utilizar mal o vocábulo, preguntei a Anxo, o corrector lingüístico da revista AUNIOS e, penso que con moi bo criterio, deume unha mellor solución. Do mesmo xeito que a un/ha ourensán/á, se lle pode chamar auriense pola orixe romana do seu nome, se Ons procede de Aunios e este foi o primeiro nome co que se coñeceu á Illa, un xentilicio adecuado para os seus habitantes sería: auniense ou auniensense.

A idea pareceume correcta e, dende logo, nestes intres moito máis, dende que quedou clara a presenza romana na Illa de Ons. Por iso a partires de agora, agás casos puntuais (ou que a comisión de toponimia e nomenclátor da Xunta me corrixa), cando me refira aos veciños de Ons, utilizarei o vocábulo *auniense*.

ONS ARQUEOLÓXICA PRIMEIROS PASOS 1975-1985

Vou a referirme só aos datos da etapa romana e anteriores.

Cando, a mediados dos 70 s.XX comezamos a pescudar sobre Ons, só atopamos tres interesantes traballos: o etnográfico de Álvaro de las Casas, o histórico de Salustiano Portela e o biolóxico de Santiago Castroviejo, ren máis había agás un bo número de citas, algún artigo periodístico e pequenas observacións en diferente bibliografía, pero todo moi espallado e que había que buscar detidamente.

Sobre Arqueoloxía, nun principio, nada. A principios dos 80 dirixímonos ao Museo de Pontevedra e alí puxéronos en contacto co Inventario de Filgueira Valverde e García Alén. Nel vemos que aparecen diferentes pezas datadas do Paleolítico (referencias a Enrique Massó e ao Museo Massó). Da Idade do Bronce falan de dous machados de talón de dous aneis (referencia Museo de Pontevedra). Da etapa Castrexa, mencionan dous castros, un situado na barriada de Canexol e outro preto do Centulo. No de Canexol aparecen bastantes pezas e volve a estar de referencia Enrique Massó; tamén nomean a aparición (nos dous castros?) de moedas romanas imperiais, aquí sen referencia algunha (refírome sobre a persoa que as atopou e onde poderían estar). E da época romana, volven a nomear a aparición de diferentes pezas, tamén sen referencias.

Con anterioridade visualizáramos na escola da Illa unha boa colección de materiais de cerámica, ósos,...., cunchas do cuncheiro do castro,...., que estaban ben colocados en dous andeis e dos que, posteriormente, falounos o mestre Julio Santos Pena na revista Aunios n° 18, *títuloado "... De pedras vellas. Historia e confusión"*. Non sei o que puido pasar con ese material a partir de 1979 en que a escola deixou de funcionar, pero sería un material interesante para estudar por especialistas.

A mediados dos 80 s.XX, estiveron en Ons uns rapaces de Marín e quizais pola súa afección á arqueoloxía, andaron por diferentes puntos da Illa, sobre todo Canexol, e localizaron tamén bastantes pezas. Sei que mas ensinaron, pero teño un recordo vago sobre elas, o que si, volvinas a ver un tempo despois na biblioteca de Marín, cando estaba a piques de inaugurarse, tamén nuns andeis e cunhas notas que falaban da súa procedencia illán.

Ata aquí o pouco que por esas datas había, ou polo menos nós atopamos, sobre a Ons arqueolóxica. Como comentei e co fin de ampliar un pouco máis os datos, fomos ao Museo de Pontevedra e alí recibímonos o responsable arqueólogo. Informounos do Inventario de Filgueira e Alén, comunicounos que só había un machado de talón, da outra non tiña idea. Que as moedas romanas saíron dun traballo de M. Cavada Nieto e pouco máis, deunos unhas direccións para seguir pescudando, entre elas, a de Fernando Acuña Castroviejo, e fixemos os trámites necesarios para que nos deixaran fotografar o machado de talón.

Aquí remataba a nosa andaina de recompilación de datos sobre a parte arqueolóxica de Ons a mediados dos anos 80 s.XX.



Foto arriba: Machado de talón de Ons.
Foto abaixo: Silueta Castro dos Mouros.

Barrio de Canexol

O barrio de Canexol, histórica e arqueolóxicamente falando, é o lugar máis importante de Ons, ata o de agora. Nel atópase o Castro e a Cova dos Mouros. Unha Salga Romana. A pequena ermida e a posibilidade de que tamén albergara á primitiva capela en honra de Santa María e o convento que serviu de retiro a monxes ermitáns. A casa de labor agrícola do Marqués de Valladares con dous grandes piornos na súa parte posterior. Esta casa de dous andares serviu logo de casa escola e reitoral na parte superior e na inferior como escola.

Os habitantes dos barrios de Canexol e Pereiró (seguinte cara ao sur) foron considerados os máis ricos da Illa en terras e gando e os primeiros en dedicarse, despois da instalación da fábrica de salga de Curro, á pesca e emprego de dornas.

A súa praia competía co embarcadiro de Curro como lugar de embarque de mercadorías e produtos do mar. ...

Esa importancia vese agora multiplicada despois das catas arqueolóxicas feitas que parece veñen demostrar que este barrio e a súa praia tiveron, en época romana, unha maior transcendencia da que se cría nun principio e é posible que o castro e a salga estean moi relacionados.

Dende logo unha futura escavación do Castro dos Mouros pode traernos moitas sorpresas e resolver moitas incógnitas. Esperemos sexa pronto unha realidade



Foto arriba: entrada Cova dos Mouros.

Foto abaixo: Casa de labor e piornos.

O Xacemento Romano de Canexol

PRIMEIRAS REFERENCIAS

Quitando as xa nomeadas do Inventario Filgueira&Alen, que nos fan de aparición de cerámica e moedas romanas na Illa, temos que ir, como referencias escritas, ao ano 2002 no que Fernando Acuña Castroviejo e M^a José Alles León publican un traballo titulado “*Novas aportación aos mosaicos romanos de Galicia*” onde na súa páx 8 escriben: (<https://digitum.um.es/digitum/bitstream/10201/3379/1/814674.pdf?sequence=1>)

“*Conocemos la existencia de un mosaico en Illa de Ons por un informe personal de Alonso Romero. Este autor localizó este mosaico en 1978 en un corte de un talud situado por encima de la playa, del que únicamente se podían ver unas líneas de teselas blancas, de cuarzo, asentadas sobre dos capas de cimentación, estando la inferior formada por piedras gruesas mientras que en la superior eran más finas. Al no haber sido excavado no podemos establecer los motivos decorativos que tendría y tan sólo podemos deducir que se usó como un pavimento. También en este lugar Alonso halló fragmentos de tegulas y de cerámica muy basta y rodada imposibles de catalogar. No obstante, por el tipo de emplazamiento y por los restos localizados, en este lugar debió ubicarse una villa romana*”.

Fernando Alonso Romero, quen o localizou, pasou varias tempadas en Ons, xunto coa súa muller María Castroviejo Bolivar e algún amigo historiador e arqueólogo, e fixeron varios traballos de tipo etnográfico, aínda que á vez, tamén tiveron tempo para percorrer a Illa e investigar sobre outras características, entre elas, a arqueolóxica,

Froitos destas pescudas xorden dous descubrimentos importantes, o posible xacemento romano de Canexol e o petróglifo de Chan da Pólvara.

Quizais esta publicación de Acuña Castroviejo foi a que motivou as posteriores exploracións e busca de Paula Ballesteros, que vai a ser a verdadeira protagonista do descubrimento da Salga Romana no cantil da praia de Canexol.

(Foto: *Fernando Alonso Romero en 1978, facendo verdadeiros equilibrios para observar o xacemento romano na praia d Canexol.*)





O PRESTIGE EN CANEXOL

A finais de novembro de 2002 o chapapote do Prestige fixo a súa aparición na praia de Canexol. Esta praia xunto coa das Dornas, foron as máis afectadas.

En días e meses sucesivos, voluntarios, a Armada e Tragsa estiveron traballando arreo para retiralo.

En Canexol, a carón da baixada de sempre preto das dunas, abriron dúas máis, estando unha delas, mesmo ao lado de dúas pilas de salga romana, xacemento que se descoñecía.

Sen intención ningunha de facer dano, aproveitaron moitas das pedras das pías para facer firme a baixada e para servir de pequeno muro para non pasarse do carreiro a empregar.

Esta circunstancia xunto coa saída á luz do traballo de Fernando Acuña Castroviejo, puido ser o que provocou que a arqueóloga Paula Ballesteros Arias indagara na zona e descubriera a Salga Romana á vez de dar a voz de alarma sobre o seu estado de deterioro.

É de supoñer que posteriormente e despois dun pequeno traballo de campo inicial, Paula Ballesteros e o seu equipo, decidiran presentar a Parques a posibilidade de facer un traballo de investigación sobre ela e, en especial, catalogar, dun xeito profesional e científico, todo o relacionado co mundo arqueolóxico da Illa de Ons.

Na **foto de arriba** podemos observar aos traballadores de Tragsa subindo polo carreiro realizado a carón das pías de salga romanas.

Na **foto de abaixo**, vense as pedras das pías utilizadas para sinalar a baixada e evitar posibles caídas.

PAULA BALLESTEROS ARIAS. DESCUBRIDORA DO XACEMENTO ROMANO DA PRAIA DE CANEXOL

Aínda que Alonso Romero descubriuno no 1978 e Acuña Castroviejo divulgouno por primeira vez no 2002, vai ser Paula Ballesteros a encargada de dalo a coñecer, catalogalo, pedir para el unha investigación exhaustiva e, como máis urxente, protexelo. No 2007 decatámonos da presentación do seu magnífico traballo sobre este xacemento ao Parque Nacional. No 2008, no nº 13 da revista cultural AUNIOS publica o traballo de investigación co Título: “*O xacemento romano do cantil de Canexol (Illa de Ons. Bueu). O esquecemento do recurso mariño*”. Ao ano seguinte é publicado en Cadernos de Estudios Galegos, LVI. Nº 122, xaneiro-décembro (2009), pp 67-90, co título: “*O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de Canexol (Illa de Ons, Bueu)*”, como membro do Laboratorio de Patrimonio, IEGPS – CSIC.

Non vou facer aquí un resumo dese magnífico traballo, xa que sería redundar sobre o asunto e non son eu a persoa adecuada pola miña falla académica sobre o tema. O que si vou dar, son as entradas de internet para, a quen lle interese, os poida visualizar e ler:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indice.htm>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

<https://doi.org/10.3989/ceq.2009.v56.i122.56>

Máis tarde e contando cunha axuda do Parque Nacional, Paula Ballesteros realiza a catalogación de todo o patrimonio arqueolóxico da Illa de Ons e das demais illas do Parque. Un importante traballo, moi necesario para ter unha referencia científica sobre o patrimonio arqueolóxico da Illa de Ons, onde loxicamente, está o xacemento romano.

Xa por último, realiza un excelente traballo histórico-antropológico co título: “*Ons, unha Illa habitada*”, que se pode baixar nesta ligazón: <https://itunes.apple.com/.../ons-an.../id897466288...>



PERIGOS QUE CORRE ESTE XACEMENTO NO CANTIL. PETICIÓNS DE PROTECCIÓN E DE ESTUDO ARQUEOLÓXICO PROFESIONAL

Este magnífico traballo de catalogación realizado por Paula e o seu equipo, deixa as portas abertas para a realización, non me cansarei de repetilo, de investigacións profesionais e científicas. Á vez dá a voz de alerta para que a administración facilite eses estudos e, sobre todo, que os protexa, non só de actividades humanas, senón tamén meteorolóxicas e naturais que poidan danalos ou facelos desaparecer, como vemos que está a pasar con este xacemento no cantil da praia de Canexol. Paula falaba do mal estado de conservación deste xacemento e poñía no 2009 como causas, as xa tratadas:



“-Pola súa situación, ao marxe do cantil do areal, facendo que sexa unha zona especialmente sensible á erosión. De feito, aprécianse derrubes actuais, xa que na area hai restos dos muros e de materiais asociados á actividade realizada nesa construción.

-A situación de emerxencia provocada polo desastre do Prestige fixo que, ademais de que nos perfís poidáanse ver restos de chapapote, se construíse unha nova vía de acceso á propia praia, e que coincide coa zona onde as estruturas construtivas son máis senlleiras e abundantes. Consta dunhas escadas formadas por troncos fincados no perfil e apoiadas con material procedente da zona.

Neste sentido, considérase que se non se actúa dalgunha maneira perderase unha boa parte da historia e, en definitiva, parte da identidade dos seus habitantes.”

Está ben claro que hai que tomar medidas axeitadas, que non prexudiquen o medio e que sexan eficaces, pero, non hai que demoralas moito. Cada ano podemos comprobar como, supoño que debido ao cambio climático, o mar traballa con máis forza e chega con moita facilidade a ese cantil, así que, a Consellería de Medio Ambiente ten que poñerse as pilas e buscar solucións, pois non só está en perigo o xacemento, senón tamén o camiño que circula por riba del que é o punto de unión entre Curro cos barrios de Canexol e Pereiró.

Temos tamén coñecemento, que antes que este último do que imos falar, houbo outras peticións de traballo e investigación feitas por persoas, con recoñecida profesionalidade, que foron rexeitadas pola Consellería. Coido que cada petición debe ser estudada, dialogada entre técnicos e arqueólogos,..., e buscar a solución máis axeitada. Que o **NON** non sexa a palabra utilizada constantemente pola Consellería cando se trata de investigacións histórica, arqueolóxica e etnográfica.



Son fotos do mesmo lugar do xacemento romano de Canexol.

Foto arriba: 2009

Foto medio: 2018

Foto abaixo: 2020

COMEZO DAS ESCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN CANEXOL

O mércores 31 de marzo atopábame en Ons pasando os primeiros días de S. Santa. Din un paseo para ver como estaba a Illa e ía sacando fotos. Decidín enviar algunha delas á Dirección do Parque cun mínimo comentario e, dun xeito pouco habitual, contestaron. O último Wasapp dicía: *“Por certo, tan pronto termine Semana Santa, temos traballos arqueolóxicos en Ons”*.

Teño que recoñecer que, nun primeiro intre e despois de anos de trato coa administración, o meu escepticismo ao respecto era claro. Non houbo máis comunicación nin eu preguntei. O sábado 3 de abril regresei despois de patear toda a Illa, tomar fotos do seu estado e facer as anotacións pertinentes.

O luns 5 de abril, con sorpresa e alegría recibimos a nova de que o GEAT (Grupos de Estudos de Arqueoloxía. Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo) ía a realizar unha intervención arqueolóxica no xacemento romano de Canexol, pero non no cantil, senón no terreo que se atopa na parte superior deste, ao lado do camiño.

Segundo comentaba o responsable, o arqueólogo Adolfo Fernández, *“O obxectivo principal desta intervención é o de investigar estes restos arqueolóxicos e aumentar considerablemente o noso coñecemento sobre eles no marco dun estudo global sobre a produción de salgas de peixe en época romana”*.

Este estudo formaba parte: *“... do proxecto de I+D Marie Curie Talent, financiado pola UE, Galtfish, Salt and fish salting in Ancient Gallaecia. Looking for the origins of the Galician canned fish industry, do Campus do Mar. O seu foco de interese é o coñecemento da produción do sal e as salgaduras no Noroeste Peninsular durante a época romana”*.

Todo parecía increíble despois de anos de reivindicación e, á vez, satisfactorio.



Primeira foto obtida do inicio da escavación. Foto: Álvaro Díaz.

NOTA EXPLICATIVA

A partir desta páxina, todas as fotos que insira foron facilitadas por:

Parque Nacional - galtfishproject#illadeons.

As que non pertencen a esta fonte, como a de arriba, levarán o nome do autor.

COMEZA O TRABALLO

As primeiras notas que lemos sobre esta intervención é coñecer aos responsables dela, un equipo dirixido polo arqueólogo do GEAAT, Adolfo Fernández Fernández, e que tiña dúas liñas de actuación:

- 1º.- Facer un rexistro dixital de todos os restos arqueolóxicos do cantil da praia de Canexol que se atopan moi afectados pola erosión mariña.
 - 2º.- Realizar unhas sondaxes arqueolóxicas, na parte superior deste xacemento onde nas últimas décadas realizábanse labores agrícolas, para delimitalo co fin de protexelo, intervalo e musealizalo nun futuro.
- Entra dentro dun proxecto financiado pola UE, e o seu foco de interese é o coñecemento da produción do sal e as salgaduras no Noroeste Peninsular durante a época romana, e sobre as que se están a facer outras intervencións en diferentes puntos da costa pontevedresa.



APARECEN OS PRIMEIROS RESTOS

Xorden as novas. Defíníronse e caracterizaron os restos da fábrica que existía no cantil. Descubren unha segunda fábrica de salga e restos de ocupación prerromana varios metros máis ao norte da do cantil. Nesta segunda localizouse e documentou un reducido depósito feito con morteiro de cal e cuarzo, do que din puido servir para fabricar tintura púrpura.

Aparecen restos dunha ánfora do século I. Sobre a ocupación prerromana comentan: “É un achado importante, xa que demostra que os poboadores do castro <Castelo dos Mouros>, situado a poucos metros do xacemento, tamén edificaron estruturas xunto á praia, posiblemente como apoio das tarefas de explotación dos recursos mariños”.

Apareceu importante cerámica romana e, tamén apareceron restos de fauna, que pensan que foron depositados cando a fábrica xa non se utilizaba como conserveira; grazas a este achado poderemos coñecer como era a alimentación na Illa na época romana.



NOTAS SOBRE O XACEMENTO ROMANO

- Comentaba Adolfo Fernández: “Parece que está nun estado de conservación moi bo, quitando a parte que está mesmo no cantil, É interesante tamén polo espazo no que está, nun Parque Nacional. Aquí todo o solo é público e non hai problemas de propiedade.
- “... hai unha zona de embarcadiro moi interesante. Parece que na costa no século I se desenvolveu unha zona fabril de explotación de recursos mariños e seguía sendo habitado o castro. Ten unha ocupación moi intensa na época romana. ...”.
- “...O xacemento é moi grande e probablemente sexa unha combinación de zonas fabrís con áreas de traballo e de dormitorio.... O xacemento de Canexol é moito máis grande e complexo do que pensabamos. Non só era unha fábrica senón que pode haber máis cousas aquí da etapa romana”.
- “... a sospeita é que se trataría dunha factoría para producir pescado en salga, adobos e púrpura para a súa exportación. ...”
- “... a data estaría entre finais do século I, a.C. e principios do século I d.C.. O achado permite demostrar que os poboadores do castro tamén construíron algunhas estruturas próximas á praia...”
- “... ante os bos resultados da intervención, non se descarta realizar novas campañas co obxectivo de poñer en valor o patrimonio arqueolóxico do arquipélago bueuense. ...”
- “... Tamén se localizaron restos castrexos e multitude de vestixios arqueolóxicos cun alto valor, como material óseo animal e malacofauna (moluscos); así como restos da Idade do Ferro.”
- “O Parque Nacional marítimo-terrestres das illas Atlánticas de Galicia, facilitou a infraestrutura necesaria para levar a cabo esta intervención arqueolóxica.”



Comezar dando os nosos parabéns ao GEAAT por escoller Ons para realizar este Estudo arqueolóxico sobre a época romana. Tamén a Parques por facilitar a realización dese traballo e poñer á súa disposición a infraestrutura necesaria para levalo a bo termo. Á vez, o noso agradecemento á Dirección do Parque por termos informados e facilitar o soporte gráfico desta escavación.

Esta escavación e os resultados obtidos, teñen unha grande importancia, porque dan a razón a todos aqueles que, dende hai anos, veñen reivindicando a importancia histórico-arqueolóxica desta Illa, e que deixan en evidencia a pouca dedicación que lle dedicaron os distintos organismos que administraron a Illa nas últimas catro décadas, institucións ás que se tiña informado, dende diferentes puntos, do valor da Illa de Ons neses campos. Esperamos, a raíz dos testemuños que estes días deron os responsables da Consellería de Medio Ambiente e do Parque, que a partires de agora a enorme transcendencia que teñen os campos Histórico-Arqueolóxico-Etnográfico de Ons, sexan tratados, nos presupostos e na dedicación de seu persoal, igual que os valores, que os ten, biolóxicos e medio ambientais.



Guías do Parque recibindo as explicacións do arqueólogo responsable da escavación.




Foto: Tino Pardellas. Semana Santa 2021.

PETICIÓNS, IDEAS E SUXESTIÓNS

- Solicitar á Consellería M. Ambiente que poña os mesmos medios, que puxo ata agora para temas biolóxicos, para o estudo e investigación sobre cuestións histórico-etnográficas.
- Que esta escavación non sexa algo puntual e que sexa dende Parques quen solicite ao GEAAT a continuación das investigacións.
- Non sabemos porque Ons perdeu os Campos de Traballo e, sen embargo, Cíes non. Coido que estes Campos, como xa se solicitou noutros tempos, poderían organizarse de tal forma, que puideran ser arqueolóxicos, etnográficos, arquitectónicos,..., ao igual que medio ambientais e, tendo un Xefe de Campo arqueólogo e informando e contando coas universidades galegas, poderían realizarse traballos segundo a especialidade escollida.
- Que dende a administración non se desbote nunca calquera iniciativa neste campo, sempre e cando veña acompañada dun informe con garantías e sexa presentada por persoas especializadas.
- Importante e necesario a existencia no Parque Nacional dun Técnico Dinamizador, preferible licenciado en Historia, que sexa o que poña en valor, entre outras cousas, estes campos, realizando un traballo exhaustivo de enlace entre a administración e os diferentes proxectos que se presenten ou proxecte, á vez, de persoalmente realizar o traballo dinamizador entre todas as características do Parque en xeral xunto cos especialistas en outros campos de traballo e estudo.

Con respecto a este xacemento romano en concreto:

- Que dende o Parque, sexa o que patrocine ou busque axudas en diferentes organismos autonómicos, nacionais e europeos, para a investigación histórico-etnográfico, paralela á que realiza no campo M. Ambiental.
- Aínda sabendo que estamos nun espazo de máxima protección, buscar os medios para que o cantil de Canexol non sufra os embates do mar e o destrúa. Necesaria posta en común entre técnicos doutras consellerías.
- Que se inicien contactos con Xuventude e Universidade, para poder realizar Campos de Traballo de estudo histórico-etnográfico durante o verán.
- Se a parte arqueolóxica é importante, non o é menos a **etnográfica**, coa gravidade de que o Patrimonio Inmaterial desta Illa, estase a perder a pasos xigantescos. É necesario un estudo profundo nese campo, comezando cunha boa catalogación do que hai. Ver logo que puntos están menos estudados. Cales están en perigo inminente de desaparición. Realizar Campos de Traballo etnográficos (con universitarios) que pescuden tirando dos fíos que hai ata agora... E un longo etc. que non deixe no esquecemento e perda para sempre a rica Cultural Popular da Illa de Ons.